



OJOS LLENOS DE ÁRBOLES, Pablo Gallo

Lo primeiro destacar que a edición del libro é úa xoia: portada, papel interior, cores escollidas e os debuxos do propio autor-pintor.

Él dice: **“Me propongo encontrar mi arboleda sagrada. Un templo verde al que pueda acudir cuando quiera alejarme del mundo moderno».**

E eso é el libro: un paseo por historias, lendas, anécdotas, reflexiois, comentarios, ecoloxía, un gabinete de curiosidades arbóreas... E a intertextualidade lévanos a outros libros, a outros cuadros, a outras películas porque é un libro **inzado de referencias culturales** de todo tipo.

Vamos camiñando e vendo as árbores espías, a esvástica arbórea, a historia da árbore de Guernika (“árbol padre, árbol viejo, árbol hijo), as pareidolias, cuadros (“El amanecer”, de Paul Delvaux), a fotografía de Anne Brigman que se desnuda ante as árbores e se autofotografía -un dos primeiros autorretratos desnudos de úa muller-, a primeira muller forestal plantadora de pinos (Margaret March-Mount), Ithel -a pintora surrealista- e el sou cuadro “La familia pino” (corpos castrados, pino- pene), retirado por considerarse pornográfica, Maruja Mallo transformada en árbore, Lilith -a fémica luciferina, a primeira muller da creación que se rebelou contra Adán; el bosque espantoso de Branca de neve; Francesca Woodman fotografiase desnuda xunto ás árbores, enredada nas súas raíces; Dafne transfórmase en árbore condo Apolo la persegue; árbores pra suicidarse, “sin los árboles no seríamos seres humanos... ¿No debemos reconocer que los árboles han jugado un papel esencial en la puesta a punto de nuestras características humanas, la verticalidad que libera las manos, la posesión de una visión binocular y la vida en sociedad, la asopción de un lenguaje y una capacidad de adaptación muy superior a la de otros animales?” (Francis Hallé) e... cando puxemos os pés na terra, convertidos xa en seres bípedos, pasamos de vivir nas árbores a ver nelos as nosas divindades...; Tarzán habitando nunha árbore; Darwin desexando ser soterrado baixo un vello teixo; *El Barón rampante* de Italo Calvino; cogumelos que medran só ao lado de certas árbores; Iggdrasill, a nórdica árbore cósmica...

Antes de chegar ao derradeiro capítulo del libro, escribe: “Imagino así mi arboleda sagrada, un lugar en el que pueda sentarme y recostarme como si fuera la tumba de un ser querido... con los ojos llenos de árboles, dando la espalda al bosque, vuelvo a casa pensando que debería abandonar la búsqueda de mi tempo arboreo y, tal vez, abandonar de una vez por todas este cuaderno.”

El derradeiro capítulo; “Bosque interior”, sorprende porque ei se enlaza TODO.

Faiado... A SÚA PARTICULAR ARBOLEDA SAGRADA!

“Observo las vigas que, sobre mi cabeza, sujetan y aseguran el tejado. Me digo que todos estos largos y gruesos maderos fueron alguna vez árboles que formaron parte de un bosque. De pronto, después de tantas vueltas, me doy cuenta de que tengo aquí mismo, escondida en la arquitectura de la casa, mi particular arboleda sagrada”.

UN COMENTARIO: Boto de menos úa referencia al DAISUGI xaponés, a arte de facer un bosque a partir dunha árbore nai -Kitayama, Kioto-. Trátase dúa maneira especial de podar e coidar, especialmente os cedros. E naceu pola necesidade, no s. XV, de obter máis madeira, sen acabar cos bosques, porque os nobres e os monxes solicitaban moita pra fer as súas casas.

